

Carta ó pai

Franz Kafka

Tradución de Silvia Duarte



ATG
asociación de
tradutores
galegos

Franz Kafka

Carta ó pai

Versión galega de Silvia Duarte

Silesia

Prezado pai:

Preguntáchesme non hai moito por qué mantiña que che tiña medo. Eu, coma de costume, non souben qué responderche, en parte precisamente polo medo que che teño, en parte tamén debido a que como argumento a ese medo pertencen demasiados detalles coma para que eu agora chos puidese xuntar e falar deles por enriba. E se aquí intento responderche por escrito ha ser só dun xeito moi parcial, porque tamén ó escribir mo impide o medo mailas consecuencias perante ti, e porque en xeral o tamaño do tema vai máis aló da miña memoria mailo meu entendemento.

A ti a cuestión presentouseche sempre moi sinxela, polo menos cando falabas diso diante miña ou, sen máis, diante doutros tantos. Semellábache ser algo máis ou menos así: traballaras duro toda a túa vida, sacrificaras todo polos teus fillos, sobre todo por min, de aí que eu vivira a corpo de rei, tivera plena liberdade para estudar aquilo que quixese, non tivera en ningún momento necesidade ningunha de alimento, vaia, ningún tipo de necesidade en absoluto; ti non pediras gratitude a cambio, ti coñéce-la «gratitude dos rapaces», mais polo menos algún que outro achegamento ou sinal de empatía; no canto diso, dende sempre me teño agochado de ti, no meu cuarto, entre libros, entre amigos trastornados, entre ideas extremas de máis; nunca teño falado abertamente contigo, no templo non fun xunta ti, en *Franzesbad* nunca te teño visitado, nin tan sequera tampouco tido un sentido de compromiso para coa familia; polo negocio e mailos outros asuntos teus non me teño preocupado, a fábrica boteicha ó lombo e logo abandoneite; a Ottla apoieina na súa obstinación e mentres que por ti non movo un dedo (nunca che traio unha entrada para o teatro) polos descoñecidos fago todo. De me vulgares resultaría que non me criticarías precisamente por algo irresponsable ou malo (coa excepción talvez da miña última intención de matrimonio), mais si por frío, distante e desagradecido. E precisamente mo botas en cara coma se fose culpa miña,

coma se eu cun cambio de dirección puidese enfocar todo doutro xeito, mentres que ti non tes culpa ningunha, que só tiñas sido demasiado bo comigo.

Esta interpretación túa de sempre téñoa até o de agora por correcta, pois tamén eu creo que ti non tes culpa ningunha do noso distanciamento, mais igualmente tampouco teño eu culpa ningunha. Podería facer que o recoñeceses, daquela sería posible xa non unha nova vida, para iso xa che somos moi vellos, mais si por así dicir un pouco de paz, non a fin dos teus reproches de nunca acabar, mais si un acougar.

Certa idea do que che quero dicir tela de xeito curioso. Así é que, por exemplo, me dixeches hai pouco: «eu sempre te quixen, aínda que aparentemente non te atendese como fan outros pais, xustamente porque non son quen de finxir coma outros». Agora, meu pai, así e todo nunca dubidei da túa bondade comigo, mais ese comentario téñoa por desatinado. Ti non es quen de finxir, é certo, mais só por esta razón querer afirmar que os outros pais finxen é ou unha obstinación sobre a que non se pode seguir discutindo ou máis ben —e isto é o que realmente penso— a expresión encuberta de que entre nós hai algo que non vai ben e que ti o tes causado, mais sen culpa. Se de verdade cres iso, entón estamos de acordo.

Por suposto que non digo que o que son teña sido pola túa influencia. Iso sería esaxerar moito (e eu renego incluso desta esaxeración). É ben posible que aínda que me tivese criado libre do teu influxo, ó teu ver non podería chegar a ser un home. Probablemente habería ser un home máis fráxil, tímido, inseguro e inqueda; nin Robert Kafka nin Karl Hermann, senón que totalmente distinto do que eu en realidade son, e poderíámonos ter levado formidablemente. Eu sería afortunado de te ter coma amigo, coma xefe, coma tío, coma avó, mesmo (aínda que xa dubidándoo máis) coma padrastro. Só que xusto como pai fuches duro de máis para min, sobre todo porque daquela meus irmáns morreran de pequenos, as irmás aínda viñeran moito despois, polo que tiven que soportar eu só o primeiro embate; para iso era débil de máis.

Compáranos a nós-los dous: eu, para expresalo moi brevemente, un *Löwy*¹ con certo fondo kafkiano, mais o cal non se move pola vida polo negocio e afán dominador, senón que por unha aguilloada *Löwy*, que afecta noutro sentido máis misterioso e tímido e que a miúdo falla. Ti, pola contra, un auténtico Kafka en fortaleza, saúde, apetito, voz con poderío, talento para a retórica, fachenda, superioridade ante os demais, perseveranza, perspicacia, psicoloxía, dunha certa xenerosidade, naturalmente tamén

¹ En alusión ó apelido dun coñecido actor de teatro de orixe ruso-xudía, Jizhak Löwy, co que Kafka establecera unha relación de amizade.

con tódolos fallos e debilidades propios destas calidades ós que o teu temperamento e, ás veces, a túa ira te levan. Quizais non sexas un Kafka completo na túa ideoloxía global, en canto que te podo comparar co tío Philipp, Ludwig e Heinrich. É curioso, tampouco aquí o vexo claro. Todos eles eran moito máis alegres, divertidos, naturais, despreocupados e menos severos ca ti. (Neste punto, a propósito, teño herdado moito de ti e administrado ben de máis a herdanza, non obstante sen ter de meu o contrapeso necesario como ti tes). Mais ti, por outro lado, tamén tes atravesado neste sentido diferentes momentos; eras quizais máis feliz, só que os teus fillos, sobre todo eu, te decepcionaban e te oprimían na casa (viraran estraños, ti tamén eras diferente) e talvez agora volvas ser máis feliz, xa que o neto e o xenro che volven dar algo daquel afecto que os nenos, se cadra até Valli, non che puideron dar. En calquera caso, eramos tan diferentes e dentro desta diferenza tan perigosos o un para o outro, que se un quixese adiviñar con certa antelación, cómo eu, o rapaz que paseniño se ía desenvolvendo, e ti, o home feito e dereito, se haberían comportar o un co outro, poderíase presumir que ti non farías máis ca esmagarme até que non quedase nada de min. Agora, iso non aconteceu, o agudo non se deixa tentear, mais quizais aconteceu algo que anoxa máis, polo que eu sempre che pido que non esquezas que xamais crin que foses ti o culpable. Exerciches unha influencia sobre min, como tiñas que facelo, só que tes que deixar de consideralo como certo tipo de maldade pola miña parte que eu disparase este efecto.

Eu era un neno tímido, aínda que de seguro que tamén cazurro como son os nenos, de seguro que tamén a nai me malcriaba, mais non podo crer que fose especialmente difícil de manexar; non podo crer que unhas boas palabras, un coller da man acougador, unha boa mirada non puidese lograr todo o que se quixese. Ti no fondo es un home bo e débil (o que segue non ha contradicir tal, falo só da impresión coa que inflúes sobre o rapaz), mais non tódolos rapaces teñen a mesma perseveranza e intrepidez de buscar até que o bo chegue. Ti só podes manexar así un neno, tal e como ti mesmo de feito o conseguiches, con forza, berros e ira, e neste caso pareceuche incluso moi axeitado, porque ti querías facer de min un mozo forte e valente.

Os teus métodos educativos nos primeiros anos, evidentemente, hoxe non os podo describir de xeito inmediato, mais podo imaxinarmos máis ou menos retrocedendo ós últimos anos e a partir de como tratabas ó Félix. Neste punto cabe ter moi en conta que ti daquela eras máis novo, polo tanto máis atrevido, máis botado, máis natural e aínda máis despreocupado ca hoxe, e que ademais estabas plenamente dedicado ó

negocio. Era raro o día que podías dedicarte a min e por iso me causaches unha impresión tan profunda que dificilmente chegou a virar normal nunca.

Ben acordo un acontecemento dos primeiros anos, talvez ti tamén te acordes. Eu pola noite erguíame sempre ó pouco a por auga, de seguro que non por mor da sede, senón que, probablemente, en parte para molestar e en parte para falar. Despois de que algúns avisos en serio non servisén de axuda, sacáchesme da cama, leváchesme ó patio e deixáchesme de pé en camiseta un pouquiño alí só diante da porta pechada. Non quero dicir que aquilo estivese mal, se cadra daquela non se podía conseguila paz pola noite doutro modo, mais quero detallar con isto os teus métodos educativos e o seu efecto sobre min. Eu xa despois daquela era máis obediente, mais tiven secuelas a consecuencia diso. O natural para min de pedir auga sen ton nin son e o terrible extremo de ser levado cara a fóra, pola miña maneira de ser, nunca o puiden chegar a asimilar correctamente. Aínda pasados anos sufrín a imaxinación atormentadora de que o home xigante, meu pai, a última autoridade, case sen razón viñese pola noite e que me puidese levar da cama ó patio, e que eu, pois, por así dicir, non era nada para el.

Daquela iso era un pequeno comezo, mais este sentimento de ser nada que me dominaba a miúdo (non obstante, dende outro punto de vista, un sentimento loable e produtivo) procede en múltiples casos da túa influencia. Tería precisado un pouco de ánimo, un pouco de cordialidade, que me deixases un pouco libre o camiño; no canto diso obstruíchesmo, dende logo coa boa intención de que tivese que coller outro. Mais para iso non valía. Animábasme, por exemplo, cando facía ben o saúdo militar e marchaba, mais eu non ía para militar; ou animábasme cando comía con gana e mesmo aínda podía beberlle cervexa por riba; ou cando cantaba cancións de letra incomprendible; ou cando era quen de repetir coma unha máquina as túas frases feitas preferidas, mais nada diso formaba parte do meu futuro. E incluso hoxe resulta significativo que ti mesmo me animes de verdade en algo, cando te deixas levar pola compaixón, cando se trata do teu amor propio que eu che magoo (por exemplo, coa miña intención de casar) ou aquilo que me magoa a min (cando, por exemplo, Pepa me insulta). Logo ánimoame, lémbraame o que vallo, alúdeseme ós papeis que estaría autorizado a facer e Pepa é xulgada por completo. Mais quitando que xa cos meus anos case non hai ánimo reservado para min, tamén qué me habería axudar que o houber se non se tratase en primeiro lugar de min.

Daquela e sempre daquela tería precisado o ánimo. Eu xa me vía desalentado pola túa simple corpulencia. Lémbrome, por exemplo, como a miúdo nos espíamos

xuntos nunha cabina. Eu fraco, feble e estreito; ti forte, grande e ancho. Xa na cabina me parecía desconsolador e precisamente non só diante túa, senón que diante do mundo enteiro, pois érala medida de tódalas cousas. Mais cando saíamos da cabina diante da xente, eu da túa man, un pequeno esqueleto, inseguro e descalzo polas táboas, con medo á auga, incapaz de imita-los teus movementos de natación que ti con boa intención sen cesar me ensinabas, aínda que de feito para a miña humillación profunda; despois estaba moi desesperado e tódalas miñas malas experiencias en tódolos ámbitos cadraban fantásticamente en tales momentos. Érame mellor cando por veces ti te espías primeiro e podía quedar só na cabina podendo entrementres atrasar saír en público, até que finalmente viñas ver e me sacabas da cabina. Estábache agradecido de que semellases non decatarte do meu apuro, tamén eu estaba orgulloso do corpo de meu pai. A propósito, aínda hoxe existe de modo parecido esta diferenza entre nós.

Isto seguíase debendo ó teu afán de supremacía. Ti abríraсте camiño só por medios propios, por conseguinte na túa opinión tiñas confianza ilimitada. Iso de neno para min non foi tan enganoso como máis tarde para o mozo que medraba. Na túa cadeira de brazos gobernába-lo mundo. A túa opinión era a correcta, calquera outra era de tolos, extrema, chalada, fóra do normal. Ademais a confianza en ti mesmo era tan grande que non tiñas que ser consecuente e non haberías perde-la razón. Podía acontecer tamén que sobre algo non tiveses unha opinión e, polo tanto, tódalas opinións que con respecto ó tema eran posibles tiñan que ser falsas sen excepción. Podías, por exemplo, botar pestes contra os checos, logo contra os alemáns, logo contra os xudeus, e precisamente non por algo en concreto, senón que en tódolos sentidos e, finalmente, non quedaba ninguén máis excepto ti. Ti para min adquiríche-lo enigmático que tódolos tiranos teñen, cuxo dereito sobre a súa persoa non se basea no razoamento. Polo menos a min parecíame así.

Agora, ti comigo levabas de feito case sempre a razón; iso acontecía, por suposto, no debate, aínda que apenas se chegase ó debate, mais xa por norma. Mais iso tampouco era nada especialmente incomprendible. En tódalas reflexións miñas soportaba a túa forte presión, tamén na forma de pensar que non coincidía coa túa, e sobre todo nisto último. Todas estas ideas que aparentemente non dependían de ti estaban dende o comezo sometidas ó teu xuízo desfavorable; soportar iso até acabar de expoñe-la idea por completo e sen interrupción era case imposible. Non falo neste caso de calquera idea complexa, senón daquelas empresas pequenas da infancia. Un tiña que ser feliz con calquera cousa, satisfacerse con ela; chegar á casa e pronunciala e a

resposta era un bufido irónico, un dar á cabeza, un golpe na mesa: «tamén che teño visto cousas mellores»; ou «pónteme con lérias»; ou «eu non teño unha cabeza así de descansada»; ou «vaia cousa!»; ou «iso non vale para nada». Claro que non se che podía pedir entusiasmo por cada cousiña do neno, cando ti vivías entre a preocupación maillo traballo. Diso tampouco se trataba. Tratábase máis ben de que, de entrada, sempre lle tiñas que reservar tales decepcións ó neno en virtude da túa natureza antagónica, ademais que este antagonismo se fortalecía sen cesar a través da acumulación destas cousas, de modo que ó final se facía válido a partir do hábito, cando ti eras da mesma opinión ca min, e que ó final estas decepcións do rapaz non eran decepcións da vida común, senón que, ó se tratar da túa persoa autoritaria, chegaban dentro. A coraxe, a determinación, a confianza, a alegría nisto e naquilo non duraba até o final se estabas en contra ou xa cando o teu antagonismo non podía ser máis ca aceptado; e aceptado ben podía selo por case todo o que eu facía.

Isto referíase tanto a ideas coma a persoas. Chegaba con que eu tivese un pouco de interese por unha persoa —acontecía de acordo coa miña natureza non moi a miúdo— que ti sen reparar nos meus sentimentos e sen respecto te dispuñas a xulgar-me co insulto, coa inxuria e coa humillación. Rapaces inocentes e inxenuos como, por exemplo, o actor xudeu Löwy, tiñan que expiar iso. Sen coñecelo comparáralo dun xeito repugnante, que xa esquecín, con escoura, e así para persoas que a min me eran gratas xa tiñas a man automaticamente a frase «cans e pulgas». Acórdome particularmente neste punto do actor, porque me fixara daquela nos comentarios que fixeras acerca del coa observación: «Así fala meu pai do meu amigo (que non coñece de nada) só porque é amigo meu. Iso heillo poder ter sempre en conta cando el me queira reprochar falta de amor ou gratitude». Sempre me foi incomprendible a túa total falta de sensibilidade, canto mal e humillación me podías transmitir coas túas palabras e xuízos, era coma se non tiveses idea do teu poder. Tamén seguro que moitas veces te teño molestado con palabras e despois sabía que me doía, mais non era quen de controlarme, garda-las palabras; xa o lamentaba ó tempo que o dicía. Ti batías coas túas palabras sen parar, ninguén che facía dano, nin no momento nin despois, contra ti un estaba totalmente desarmado.

Mais así era toda a túa educación. Ti tes, creo, un talento educativo; a unha persoa do teu tipo a través da educación seguro que saberías utilizala, habería de ve-la sensatez da que lle falabas, non preocuparse por nada máis e ter levado así as cousas con tranquilidade. Para min de rapaz todo o que me berrabas era unha orde divina,

nunca o esquecín, quedoume como o medio máis importante para xulga-lo mundo, sobre todo para xulga-lo teu propio, e aí ti fallabas por completo. Dado que de cativo estaba contigo maiormente á comida, a túa lección era en gran parte a lección do comportamento correcto á mesa. Había que come-lo que se servía na mesa, non se podía falar da calidade da comida, aínda que ti encontrabas a miúdo a comida mala: chamábaslle «a chea»; a «besta» (a cociñeira) estragáara. Porque tiveses unha fame negra e un gusto particular por comer todo rápido, quente e en bocados grandes, tíñase que apura-lo rapaz; á mesa había un silencio sepulcral interrompido por advertencias: «primeiro come, logo fala»; ou «máis rápido, máis rápido, máis rápido»; ou «ves, eu xa hai tempo que acabei de comer». Os ósos non se podían apañar, ti si. Non se podía sorbe-lo vinagre, ti si. O importante era que o pan se cortase con precisión, mais que ti o fixeses cun coitelo untado de salsa era igual. Había que prestar atención que ningún resto de comida caese ó chan, ó final debaixo túa era onde máis había. Á mesa só se podía comer, non obstante ti limpabas e cortába-las unllas, afiabas lapis, limpabas co escarvadentes as orellas. Por favor, meu pai, enténdeme ben, eran eses detalles de por si completamente insignificantes, deprimentes só cando ti mesmo, para min o home tan tremendamente autoritario, non te atiñas ós preceptos que me impoñías. A partir de aí, para min o mundo dividíase en tres partes: nunha onde eu, o escravo, vivía baixo mandatos que foran só inventados para min e os cales, para máis sen saber por qué, nunca era quen de satisfacer por completo; logo, nun segundo mundo, que se atopaba infinitamente afastado do meu, no que ti vivías, ocupado co goberno, coa publicación de mandatos e coa ira se estes non se acataren; e finalmente, nun terceiro mundo, onde vivían as persoas restantes, felices e libres de mandatos e obediencias. Eu era humillado decontino: ou acataba os teus mandatos, que era humillante porque só valían para min, ou era rebelde, que tamén era humillante, pois como ía poder revirarme; ou non era quen de te seguir, porque, por exemplo, non tiña nin a túa fortaleza, nin o teu apetito, nin a túa destreza, a pesar de que mo pedises como algo natural; iso si que era a maior humillación. Neste sentido non ían as reflexións, senón o sentir do rapaz.

A miña situación daquela talvez sexa máis clara de comparala coa do Félix. Tamén a el o tratas parecido; si que utilizas con el un método educativo especialmente espantoso cando na túa opinión emporca algo ó comer; non che abonda con dicirlle coma daquela a min: «Estás feito un porco», senón que aínda engades: «un auténtico Hermann» ou «igualiño ca teu pai». Aínda que talvez iso —máis ca «talvez» non se pode dicir— ó Félix non o magoe realmente gran cousa, pois de feito para el

xustamente non es máis ca un avó con significado especial, mais non todo como o eras para min; ademais o Félix é dun carácter máis tranquilo, agora xa en certa medida máis viril, que quizais se deixe impresionar por unha voz estrondosa, mais que non se deixa guiar por moito tempo, aínda que máis ca nada contigo está relativamente raras veces; está baixo outras influencias, para el es algo máis ben curioso do que pode escoller con qué quedar. Para min ti non eras nada curioso, eu non podía escoller, eu tiña que coller todo.

E precisamente sen poder dicir algo en contra, posto que a ti xa dende o comezo che resulta imposible falar dunha cousa con tranquilidade coa que non esteas de acordo ou que non saia de ti; o teu temperamento imperioso non o permite. Nos últimos anos explicábalo como que se debía ó teu carácter nervioso; non sabería se de feito algunha vez foras diferente, como moito o teu carácter nervioso é un medio para unha práctica do dominio máis estricta, pois a idea é que a última réplica do outro se silencie. Mais iso por suposto que non é ningún reproche, só a constatación dun feito. Por exemplo, con Otlla: «Un non pode falar con ela, logo se te bota de a caballo», adoitas dicir, mais en realidade de entrada non se te bota en absoluto; ti confúnde-lo asunto coa persoa; o asunto bótasete de a caballo e ti decides sobre este de inmediato sen escoitar á persoa; o que despois se diga, só te pode provocar máis, nunca convencerte. Logo só se che escoita: «Fai o que queiras; por min es libre; xa vas grandíña; non che teño que dar consello ningún» e todo co terrible ton acendido da furia e do continuo xulgar ante o que eu abaneo hoxe só menos ca na infancia, porque o único sentimento de culpa de rapaz en parte acabou por repararse ó ve-la nosa impotencia.

A imposibilidade dunha comunicación tranquila, en realidade, aínda tivo unha consecuencia moi natural: aprendín a falar. Tampouco chegaría a ser ningún gran orador, mais dominaría con fluidez a lingua común. Mais ti priváchesme da palabra xa cedo, a túa ameaza «a calar!» xunto coa man levantada xa me acompañaron dende sempre. Eu recibín de ti —ti es, en canto se trata das túas cousas, un excelente orador— un xeito de falar interrompido e tateo; tamén a ti iso che resultaba demasiado, acabei por calar, primeiro quizais por rebeldía, despois porque ante ti non podía nin pensar nin falar. E posto que en realidade ti viñas sendo o meu educador, foi algo que lle afectou á miña vida por completo. É un erro estraño se cres que nunca habería vir ó rego. «Sempre contra todo» non ten sido a miña máxima contigo como ti cres e me reprochas. Ó contrario, se te tivese obedecido menos seguro que haberías estar máis contento comigo. De feito, as túas medidas educativas xusto deron no pé da fonte; non evitei o

alcance; así como son, son (por suposto sen ter en conta as nocións básicas do influxo da vida) o resultado da túa educación e da miña obediencia. A pesar de que este resultado che sexa molesto, xa que inconscientemente te negaches a recoñecelo como resultado da túa educación, acontece que a túa man e o material do que estou feito teñen sido ben estraños o un para o outro. Ti dicías: «a calar!» e querías con iso acalar en min a forza contraria desagradable, mais ese efecto foi para min moi forte; eu era demasiado obediente, enmudecía por completo, agochábame de ti, e atrevíame a moverme cando me encontraba tan afastado de ti que a túa forza, polo menos directamente, xa non facía efecto. Mais ti estabas por riba e todo che volvía parecer «contra», mentres que non era máis ca unha consecuencia natural da túa fortaleza e da miña debilidade.

Os teus métodos discursivos que nunca fallaban para educar, polos menos comigo, eran: insultos, ameazas, ironía, un riso malicioso e —curiosamente— autoculparse.

Que me teñas insultado directamente e con palabras malsoantes explícitas non o lembro. Tampouco era preciso, tiñas outros moitos medios. Tamén voaban unha chea de palabras malsoantes ó meu redor na conversa na casa e, sobre todo no negocio, dirixidas a outros moitos, e eu de rapaciño ás veces case que quedaba apampado con iso, e non tiña motivo ningún para non mas aplicar a min tamén, pois esas persoas ás que lles lanzabas improperios seguro que non eran peores ca min e seguro que ti non eras máis infeliz con elas ca comigo. E aquí novamente estaba a túa inocencia enigmática e maila túa calidade de inexpugnable; ti insultabas sen reflexión ningunha para faceres tal, e si, condenabas que os outros insultasen e prohibíasllo.

Para insultar valíaste de ameazas e iso tamén me afectaba. Parecíame terrible por exemplo esta: «ábrote coma a un peixe», malia que soubese que non lle ía seguir nada peor (mais de pequeno non sabía iso), aínda que case que equivalía á miña imaxinación do teu poder, coma se tamén foses quen de facer tal. Horrible era tamén cando corrías berrando ó redor da mesa para collelo a un, mais que evidentemente non o querías coller, malia que facías coma se quixeses tal, e a nai, aparentemente, acababa por salvarlo a un. E así era que ó rapaz unha vez máis lle parecía que seguía con vida grazas á túa clemencia, e seguía tendo coma agasallo teu inmerecido. Tamén aquí corresponden as ameazas das consecuencias por desobedecer. Se comezaba a facer algo que a ti non che gustaba e me ameazabas co fracaso, resultaba tan grande o respecto pola túa idea que con iso o fracaso, aínda que se cadra houbese vir máis para adiante, resultaba inexorable. Perdín a confianza para facer cousas por min mesmo. Era

inconstante, indeciso. Canto máis anos tiña, tanto maior era o material que ti me podías achegar como proba da miña falta de validez, de feito, pouco a pouco en certo modo tiñas razón. De novo, cóidome de dicir que só por ti me volvíñ así; ti só agrandábalo que había, mais agrandábalo moito porque fronte a min era moi poderoso e empregabas toda a forza niso.

Tiñas unha especial confianza para educar a través da ironía, era a que equivalía do mellor modo á superioridade que exercías sobre min. Unha chamada de atención adoitaba ter esta forma: «non sabes facer isto así e así? Isto xa é moito para ti? Para iso claro que non tes tempo?» e cousas semellantes. Ademais cada pregunta desas acompañada de sorriso malicioso e cara maliciosa. En certo modo un xa era castigado antes de que soubese que fixera algo malo. Provocadoras eran tamén as túas reprimendas onde a un se lle trataba como terceira persoa, vaia, que nin se lle dirixían as malas palabras; onde ti, pois, lle falabas algo á nai de xeito formal, mais en realidade dirixido cara a min, que sentaba ó carón, por exemplo: «Iso por suposto que non se lle pode pedir ó señor fillo» e ese tipo de cousas. (Iso logo tiña un contraxogo, ó que que eu por exemplo non me aventuraba, e máis adiante, xa por costume, non pensaba en preguntarche a ti directamente se a nai estaba diante. Ó neno resultáballe moito menos arriscado preguntarlle sobre ti á nai que sentaba ó teu carón; un preguntáballe entón á nai: «e logo como lle vai ó pai?» e asegurábase así de que non houbera sorpresas). Por suposto había casos onde un estaba totalmente de acordo coa ironía máis ácida, precisamente cando ía con outro, por exemplo coa Elli, coa que estiven anoxado tantos anos. Era para min unha festa da malicia, do pracer malicioso, se case en tódalas comidas se dicía dela algo así: «a 10 metros da mesa ten que sentar, a moza ancha» e logo cando na túa cadeira de brazos anoxado, sen o mínimo trazo de amabilidade ou humor, senón que como o inimigo máis amargo, intentabas imitala de xeito esaxerado; o extremadamente repugnante que para o teu gusto resultaba que ela sentase alí. Con qué frecuencia se ten repetido iso ou algo semellante e, de feito, que pouco tes conseguido con iso. Coido que se debía a que a dinámica da ira e do estar anoxado para o caso non semellaban estar no contexto correcto; un non tiña o sentimento de que a ira se producise con esa pequenez de sentar lonxe da mesa, senón que xa dende o comezo estaba presente en todo o seu esplendor e só casualmente tiña collido xusto esta causa como pretexto para estalar. Dado que un estaba convencido de que, de todos modos, se habería atopar un pretexto, non se controlaba especialmente, tamén se aparvaba baixo a continua ameaza; que a un non se lle pegaba, iso era case seguro. A un tíñaselle por un

rapaz arisco, despistado, desobediente, sempre nunha fuxida, case sempre interior. Sufrías ti, sufríamos nós. Dende a túa posición tiñas totalmente razón cando, entre dentes e risa contida, que a primeira vez lle provocou ó neno unhas imaxinacións infernais, adoitabas dicir con amargura (como aínda hai pouco por unha carta de Constantinopla): «Vaia banda!».

Semellaba ser totalmente insoportable esta situación para os teus fillos cando ti, o que acontecía moi a miúdo, te queixabas en público. Admito que eu cando era rapaz (máis tarde si) non sentía nada con respecto a iso e non entendía como ti podías esperar encontrar empatía. En tódolos aspectos eras tan grande que qué che había importa-la nosa compaixón e menos a nosa axuda. Isto tiñas que desprezalo, como tantas veces a nós mesmos. De aí que eu non crese nas lamentacións e buscase calquera intención oculta detrás. Só máis tarde entendín que de verdade sufrías cos nenos e daquela onde as lamentacións noutras condicións puidesen encontrar un sentido filial, aberto, espontáneo e disposto á axuda que for, tiveron que ser para min de novo os flagrantes métodos de educación e humillación, como tales non moi duros, mais co efecto danoso de que o fillo se afacía xusto a colle-las cousas non moi en serio que si tería que coller.

Non obstante, por fortuna había excepcións, na maioría das veces cando sufrías en silencio e o amor maila bondade coa súa forza superaban todo aquilo na súa contra e directamente cativaban. Iso pouco se daba, mais era marabilloso. Poño por caso cando antes, no caloroso verán, ó medio día despois de comer te vía canso durmir un chisco no negocio, co cóbado no escritorio; ou cando ós domingos viñas sen folgos cara a nós durante as vacacións do verán; ou cando ti, por unha enfermidade grave de miña nai, tremendo e con choros te agarrabas á cesta dos libros; ou cando durante a miña última enfermidade viñas xunto de min ó cuarto de Ottla, permanecías no umbral, erguía-lo pescozo só para me veres na cama e saudabas coa man só a modo de consideración. Naqueles tempos inclinábase un e choraba de alegría e volve de novo chorar agora mentres o escribe.

Tamén tes un sorriso especialmente bonito, que moi poucas veces se percibe como tranquilo, alegre e de aprobación, que pode facer moi feliz a quen lle vaia dirixido. Non son quen de lembrar se na miña infancia me fora concedido expresamente, mais ben podería ter pasado, pois daquela por qué haberías de negarmo, xa que que eu aínda che parecía inocente e era a túa grande esperanza. A propósito, co tempo tamén tales impresións amables non conseguiron máis ca incrementa-la miña conciencia de culpa e volverme o mundo aínda máis incomprendible.

Detívenme máis ben no real e continuo. Para facerme valer un chisco fronte a ti, en certo modo por vinganza, comecei rápido a observar, a xuntar, a esaxerar pequenas ridiculeces que che notaba. Cómo, por exemplo, te deixabas impresionar con facilidade por persoas aparentemente de posición máis elevada, e do que eras quen de falar sen parar, por acaso dun consello imperial ou algo semellante (por outra parte, facíanme un pouco mal cousas deste tipo, que ti, meu pai, pensases precisar tales confirmacións insignificantes da túa valía e xactarte con elas). Ou observaba a túa afección polas frases de mal gusto, pronunciadas canto máis alto mellor, coas que ti te rías coma se dixeses algo especialmente ocorrente, mentres que xustamente non era máis ca unha pequena indecencia sen graza (ó mesmo tempo era tamén, unha vez máis, un comentario que facía avergonzarme da túa vitalidade). Observacións tan variadas habíaas a moreas, por suposto; alegrábame delas, había oportunidade de bisbar e divertirme. Notábalo ás veces e anoxábaste, tíñalo por maldade, por irreverencia, mais creme, para min non era máis ca un medio pouco apropiado de autoconservación, eran brincadeiras como as que un espalla sobre deuses e reis, bromas que non só non se deixan vencellar ó respecto máis profundo, senón que incluso lle pertencen.

Tamén ti, a propósito, nunha posición semellante á miña, intentaras unha sorte de resistencia. Adoitabas aludir ó ben que me ía e ó ben que en realidade se me tiña tratado. Iso é certo, mais non creo que coas condicións que había me servise de moito.

É certo que a nai era infinitamente boa comigo, mais todo estaba en relación a ti, polo tanto en ningunha boa relación. A nai tiña inconscientemente o papel do batedor na caza. Se xa a túa educación, en calquera caso improbable, por medio da desobediencia, da aversión ou mesmo do odio me puidese levar a valerme por min mesmo, así o volvía compensar a nai con bondade, con conversa razoable (ela era, dentro do caos da infancia, o exemplo da razón), con intercesión, e de novo era devolto ó teu círculo, do que de non ser así talvez fuxiría, facéndonos en parte un favor a nó-los dous. Ou acontecía que de feito non se chegaba a ningunha reconciliación, que a nai me protexía de ti en segredo, me daba algo á calada, me daba permiso para algo; despois perante ti volvía se-lo ser que evitaba a luz, o trampas, o culpable, o cal por mor da súa mesquindade, incluso para si mesmo e que tiña por dereito de seu, só podía vir arrastrándose. Evidentemente, despois acabei por afacerme a buscar isto por estes medios, sobre o que eu mesmo, ó meu ver, non tiña dereito ningún. Iso volvía ser un agrandamento da culpabilidade.

Tamén é certo que en realidade apenas me chegaches a pegar nunca. Aínda que o berrar, o avermellamento da túa cara, o soltar rápido de tirantes, o estaren apousados preparados no respaldo da cadeira para min era case terrible. É coma cando un vai ser colgado: que o colgan de verdade, entón está morto e acabou todo, mais se ten que presenciar tódolos preparativos para ser colgado e xusto cando xa lle colga a soga diante da cara ten noticia do seu indulto, entón pode ter que sufrir toda a súa vida por iso. Ademais só se volvía acumular unha conciencia de culpa de tantas outras veces, onde eu ó teu ver sen lugar á dúbida merecería unha malleira, mais que grazas á túa clemencia me librara dela de milagre. Puxese como me puxese acababa nun *a culpa é túa*.

Dende sempre me facía-lo reproche (a min directamente ou diante doutros; para humillar non tiñas ningunha sensibilidade: os asuntos dos teus fillos sempre eran públicos) de que grazas ó teu traballo vivía sen privación ningunha, con tranquilidade, con caloríña e opulencia. Penso aquí en comentarios que poidan ter deixado literalmente un risco na miña mente como: «Xa con sete anos tiña que ir co carro polas aldeas». «Tiñamos que durmir todos nun salón». «Eramos afortunados cando tiñamos patacas». «Todo o ano tiña feridas abertas nas pernas a falta de roupa de abrigo». «Xa de rapaciño tiña que ir traballar a Pisek». «Na casa non me daban nada, nin no servizo militar; era eu o que mandaba diñeiro para a casa». «Malia iso, malia iso... o pai era sempre o pai. Quen sabe hoxe diso! Que saben os rapaces! Iso ninguén o padeceu! Entende iso hoxe un rapaz?». Tales historias poderían ser un método educativo espléndido noutras condicións, animar e fortalece-la superación dos mesmos apuros e privacións polas que o pai tiña pasado. Mais ti non querías iso, a situación virara outra como resultado dos teus esforzos, non había oportunidade para destacar tal como ti fixeras. Unha oportunidade dese tipo só a podería conseguir un por medio da violencia e un golpe mestre, un tería que marchar da casa (dando por suposto que tivese capacidade de decisión e fortaleza para iso e que a nai, polo seu lado, non tivese traballado á contra por outros medios). Mais todo iso ti non o querías en absoluto, definíalo como desagradecemento, esaxeración, desobediencia, traizón, loucura. Mentres que ti, pois, dunha banda, o impedías co exemplo, co conto e maila humillación, doutra banda, prohibíalo ferreamente; senón, de feito, sen ter en conta as condicións do contorno, terías que estar encantado, por exemplo, coa aventura de Ottla en Zürau. Ela quería ir para o campo, de onde ti viñeras, quería pasar penurias como ti pasaras; ela non quería gozar dos teus éxitos profesionais, ó igual que ti tamén foras independente de teu pai. Eran esas intencións tan terribles? Tan lonxe do teu exemplo e doutrina? Ben, os plans

de Ottla acabaron por saír mal, viraron talvez algo ridículos, expostos con demasiado bombo; ela non amosou abonda consideración cos seus pais. Despois de todo, fora exclusivamente culpa súa e non tamén culpa das condicións e, sobre todo, de que ti estiveses tan estraño con ela? Por acaso che resultaba (como ti mesmo máis tarde querías facer crer) menos estraña no negocio ca despois en Zürau? E de seguro que non poderías te-lo poder (supoñendo que te puideses sobrepoñer a isto) por estímulo, por recomendación, por supervisión, se cadra só por tolerancia, por facer desta aventura algo moi bo?

Despois desas experiencias adoitabas dicir cun chiste ácido que tiñamos boa dúbida, mais en certo sentido non era chiste ningún. Iso polo que ti tiñas que loitar recibíamolo nós da túa man, mais a loita pola vida exterior, que a ti de contado che era accesible, e por suposto que a nós tampouco se nos aforra, tivemos que afrontala aínda máis adiante en idade adulta con fortaleza de rapaz. Eu non digo que por iso a nosa situación fose necesariamente peor do que fora a túa, ó contrario, probablemente fose equivalente (onde sobre todo non se comparan os fundamentos); só nese aspecto estamos nós en desvantaxe, que coa nosa necesidade non nos podíamos gabar nin podíamos humillar a ninguén con ela como ti fixeches coa túa. Non nego tampouco que fose posible que de verdade puidese gozar dos froitos do teu gran e próspero traballo, que os puidese explotar e que para facerte feliz puidese seguir a traballar con eles, mais isto entraba en conflito precisamente coa nosa alienación mutua. Eu podía gozar do que ofrecías, mais só con vergonza, con fatiga, con debilidade, con culpabilidade. Por iso non podía máis ca estarche agradecido coma un mendigo, mais pola acción en si, non.

O seguinte resultado patente de toda esta educación era que eu fuxía de todo o que xa ó lonxe me recordase a ti. En primeiro lugar o negocio. Sobre todo na infancia, xa que era un negocio situado nunha canella, tería que terme alegrado moito; había tanta vida, pola noite iluminado, víase e oíase moito, podía axudar aquí e acolá, podía un distinguirse, sobre todo marabillarse coas túas magníficas dotes comerciais, cómo vendías, tratába-la xente, gastabas bromas, eras incansable, en casos de dúbida de contado sabías toma-la decisión, etc.; aínda cando empaquetabas ou abrías unha caixa era un espectáculo digno de ver e de seguro que en xeral tampouco era a peor escola. Mais dado que me atemorizabas por tódolos lados e o negocio mais ti viñades sendo o mesmo, xa tampouco o negocio me resultaba acolledor. Cousas que alí primeiro me resultaban naturais, atormentábanme, avergoñábanme, sobre todo o teu trato co persoal. Non sei, quizais era así na maioría de negocios (na *Assicurazioni Generali*, por

exemplo, na miña época era realmente parecido. Alí comunicáralle ó director xunto coa miña dimisión, faltando un pouco á verdade aínda que tampouco mentindo, que eu non podía soporta-los insultos, que a propósito non ían dirixidos a min directamente; nese aspecto eu era tremendamente sensible xa da casa), mais de neno os outros comercios non me importaban. A ti, non obstante, víate no negocio berrar, insultar e enfurecerte como, para a miña idea, daquela en ningunha parte do mundo se daba. E non só insultar, senón que outro tipo de tiranía, como, por exemplo, mercadorías que non querías ter que cambiar por outras: cun golpe arrebolábalas do mostrador —só a inconsciencia da túa ira te desculpaba un pouco— e o empregado tiñaas que erguer. Ou o teu sempiterno xeito de falar de cara a un empregado cunha enfermidade pulmonar: «A ver se morrese, ese can enfermo!». Chamábaslles ós empregados «inimigos cobradores», que iso tamén o eran, mais aínda antes de o seren, parecíasme ser ti o «inimigo pagador». Alí recibín a gran lección de que podías ser inxusto; por min mesmo non o daría notado tan rápido, xa que se tiña xuntado demasiado sentimento de culpa que che daba a razón; mais segundo a miña idea de neno, mais tarde corrixida un pouco aínda que non demasiado, alí había xente estraña que traballaba para nós e por iso tiña que vivir con medo continuo. Por suposto que así eu esaxeraba, e precisamente por iso, porque sen máis aceptaba; tiñas un efecto sobre a xente tan horrible coma sobre min. Se iso fose así, realmente non poderían vivir. Dado que a maioría eran persoas adultas con nervios de aceiro, escorrentaban os insultos sen esforzo e acababan por facerche a ti moito máis dano do que a eles. Non obstante a min o negocio facíame irritable, recordábame demasiado á miña relación contigo: xa sen ter en conta o teu interese empresario e o teu afán de dominio, xa como comerciante, estábaslles tan por enriba a tódolos que daquela aprendían contigo que nunca te podían accontentar co seu rendemento; de xeito similar tiñas que estar tamén eternamente insatisfeito comigo. Por iso pertencía necesariamente ó bando do persoal, sobre todo tamén porque xa por temor non entendía como un podía insultar así a un descoñecido, e que tamén por temor, xa pola miña propia seguridade, dalgún modo quería reconcilia-lo persoal tan terriblemente anoxado contigo, coa nosa familia. Ademais xa non abondaba cun comportamento normal, decente de cara ó persoal, nin xa cun comportamento modesto, ó contrario, tiña eu que ser submisivo: non só non saudar primeiro, senón que onde fose posible evitar devolve-lo saúdo. E se eu, o insignificante, lles tiver lambido os pés, aínda non sería compensación ningunha para o xeito en como ti, o señor, os despezabas. Esta relación, na que eu contaba coma un máis, afectáballe ó negocio e ó futuro (algo semellante, mais non tan perigoso e

profundo coma comigo, é, por exemplo, a inclinación de Ottla polo trato con xente humilde; cousas do tipo como o sentar coas mulleres do servizo que a ti tanto te molestaba). Acabei case temendo o negocio até antes de ir ó instituto, e a partir de aí distanciárame del aínda máis; e de todos modos xa dende había tempo non era asunto meu. Tamén me parecía totalmente inalcanzable coas miñas habilidades, xa que como ti dicías, precisaba telas mesmas ca ti. Logo ti procurabas (a min hoxe iso resúltame emotivo e vergoñento) tirarte flores a partir da miña aversión ó negocio, ó teu traballo, que a ti tanto mal che facía, mentres mantiñas que me faltaba o espírito para o negocio, que eu tiña ideas máis elevadas na cabeza e cousas semellantes. A nai alegrábase, naturalmente, desta explicación á que te aferrabas e pola que tamén eu pola miña vaidade e penuria me deixaba influenciar. Se as «ideas elevadas» fosen as que realmente, só ou sobre todo, me distanciaran do negocio (o cal agora, mais só agora, abofé que de verdade odio), terían que expresarse doutro xeito cando andaba á deriva e acovardado no instituto e nos estudos de dereito até que rematei definitivamente na mesa de funcionario.

Que quería fuxir de ti, tamén tería que fuxir da familia, mesmo da nai. Precisamente xunto dela un atopaba sempre acubillo, mais só en relación a ti. Ela queríate demasiado e entregábase fielmente como para que puidese ter sido un poder espiritual autónomo duradeiro na batalla do rapaz. A propósito, un instinto acertado o do rapaz, xa que a nai cos anos ligábase a ti aínda máis intimamente, mentres que no que a ela respectaba sempre defendía a súa independencia nos límites máis pequenos de xeito fermoso e delicado e sen no fondo chegar daquela a ofenderte; co paso dos anos aceptaba cada vez máis ás cegas, mais por sentimento ca por entendemento, os teus xuízos e condenas con respecto ós rapaces, sobre todo no caso especialmente difícil de Ottla. Claro que un sempre ten que gardar na memoria o atormentada e esgotadora até dicir basta que resultaba a postura da nai na familia. Ela tense matado a traballar no negocio, no fogar, sufrido dobremente as enfermidades da familia, mais a coroación por todo iso foi a que, na súa posición de mediadora, entre ti mais nós ten sufrido. Sempre tes sido querendeiro e considerado con ela, mais neste aspecto tela coidado exactamente tan ben coma nós. Sen miramentos témola machacado, ti polo teu lado, nós polo noso. Foi un descoido, un non pensaba en nada malo, un só pensaba na loita que ti con nós, que nós contigo librabamos e coa nai desafogabámonos. Non era ningunha achega boa para a educación dos nenos —sen culpa ningunha pola túa banda, por suposto— tal como ti te atormentabas por causa nosa. Aparentemente mesmo xustificaba o noso

comportamento non moi xustificable para con ela. O que ten padecido por nós pola túa culpa e por ti pola nosa culpa, sen contar para nada aqueles casos onde levabas razón porque ela nos perdoaba, cando tamén xusto ese «perdón» ás veces non habería ser máis ca unha simple protesta inconsciente contra o teu sistema. Evidentemente a nai non sería quen de soportar todo iso de non ter sacado forzas para soportarnos por amor a todos nós e polo ben deste amor.

As irmás só estaban comigo en parte. A máis afortunada en posicionarse a favor teu era Valli. Era a que máis próxima estaba da nai e sen moito esforzo e magoadura achegábase de xeito parecido a ti. Ti aceptábala tamén máis amablemente, precisamente en consideración á nai, a pesar de que nela houbera pouco material kafkiano. Quizais a ti che resultaba así acertado: onde non había nada kafkiano, non podías demandar nada do tipo. Tampouco tiña-la sensación coma cos demais de que aquí se perdía algo que se tivese que salvar con violencia. A propósito, pode que a ti non che tivese gustado nunca o kafkiano mentres se manifestase en mulleres. A relación de Valli contigo talvez se fíxese máis afectuosa se nó-los demais non molestásemos.

A Elli é o único exemplo de éxito case completo en afastarse do teu círculo. Eu agardaría dela, na súa infancia como mínimo. Era unha nena de parsimonia, adurmiñada, tímida, arisca, culpable, modesta de máis, maliciosa, preguiceira, lambona, ruín; apenas a podía mirar, apenas lle podía falar, lembrábame tanto a min mesmo, tan semellante se amosaba baixo o mesmo feitizo educativo. Sobre todo parecíame tan abominable a súa ruindade que onde me era posible tiña eu máis forte. A ruindade é, pois, un dos sinais máis fiables de infelicidade; era tan inseguro con todo que de feito só posuía aquilo que tiña nas mans ou na boca, ou polo menos o que ía nese camiño, e xusto ela, que estaba nunha situación similar, daba en sacarmo sobre todo a min. Non obstante, todo iso mudou cando ela, sendo ben nova —iso é o máis importante— marchou da casa, casou, tivo rapaces e virou feliz, despreocupada, afoutada, xenerosa, desinteresada, esperanzada. É case increíble como, de feito, non tes notado estes cambios e en calquera caso non os tes valorado segundo correspondía. Tan cegado estabas polo rancor que dende sempre lle tiveras a Elli, e que no fondo non mudaches, só que este rancor virou moito menos actual agora que Elli xa non vive connosco; ademais o teu amor por Félix e a devoción por Karl fixérono menos importante. Só Gerti ten que pagar por iso de cando en vez.

De Ottla apenas me atrevo a escribir: sei que con iso poño en xogo todo o efecto esperado da carta. En circunstancias normais, isto é, se ela non se vise con certa

necesidade ou perigo, só tes odio para ela. Ti mesmo me tes recoñecido que para a túa idea ela sempre che causaba mal e enfado de xeito intencionado, e mentres que pola súa culpa sofres, ela recreábase e alégrase. Por así dicir, unha sorte de demo. Que clase de distanciamento tremendo, aínda máis grande ca entre ti e eu, puido xurdir entre ti e ela para que fose posible un recoñecemento tan tremendo. Ela está tan lonxe de ti que xa apenas a ves, senón que alí onde a intúes colocas un fantasma no sitio. Admito que con ela o tiveches especialmente difícil. Eu non é que vexa o caso complicado de todo, mais en calquera caso aquí había como un tipo de *Löwy* provisto das mellores armas kafkianas. Entre nós non existía ningunha guerra de verdade; eu logo ficaba baldado; o que restaba era a fuxida, a amargura, a dor, a loita interior. Vó-los dous sempre estabades en disposición combativa, sempre frescos, sempre con forzas. Unha visión tan magnífica como deprimente. Ó comezo de todo seguro que tedes estado moi preto o un do outro, pois aínda hoxe de nó-los catro talvez Ottla sexa a imaxe máis clara do matrimonio entre ti e maila nai e das forzas que aí se unían. Non sei o que vos levou á sorte da concordia entre pai e filla, só me dá por pensar que aconteceu coma comigo. Do teu lado a tiranía da túa persoa, do seu lado unha rebeldía de *Löwy*, sensibilidade, sentido da xustiza, ansiedade e todo iso apoiado na conciencia da fortaleza kafkiana. Tamén ben que a teño influenciado, mais case que non por iniciativa propia, senón que polo simple feito da miña maneira de ser. A propósito, era a última que entraba en relacións de poder xa plenas e podía ela mesma formarse o seu xuízo a partir do feixe de material exposto. Podo incluso imaxinarme que no seu espírito durante un tempo tivese vacilado se se te tiña que botar ó peito a ti ou ós contrarios, claramente daquela tiñas descoidado algo e tiñala rexeitado. Seríades, se de feito fose posible, unha parella espléndida en harmonía. Xustamente con esas perdería un aliado, mais vervos a vó-los dous compensárame de abondo, tamén ti virarías con inconmensurable sorte moito a favor meu, polo menos para atopar plena satisfacción nun fillo. Todo iso hoxe non é máis ca un soño. Ottla non ten vínculo ningún co pai, ten que busca-lo camiño ela soa, coma min, e ós teus ollos resúltache en canto a confianza, seguridade en si mesma, saúde, desconsideración, en comparación comigo, máis mala e máis traidora. Eu enténdoo; visto dende a túa posición ela non pode ser doutro xeito. E si, ela mesma é quen de verse a través dos teus ollos, comparti-la pena e estar moi triste por iso —estar desesperada non, a desesperación é cousa miña—. Ti ollas para nós con contradición aparente; a miúdo bisbamos xuntos, rimos, aquí e acolá sénteste aludido. Te-la impresión de conspiradores impertinentes. Os estraños conspiradores. Ti, de feito, es un

tema central nas nosas conversas, así coma o pensamento noso de cada día, mais real non; para argallarmos algo contra ti sentamos xuntos, no canto de con tódolos esforzos, con diversión, con seriedade, con amor, rebeldía, rabia, aversión, resignación, conciencia de culpa; con toda a forza da mente e do corazón discutimos sobre este terrible proceso que se cerne sobre ti e nós con todo detalle, dende tódalas posturas, en tódalas ocasións, xuntos dende a distancia e a proximidade; este proceso no que sempre mantés ser xuíz mentres ti, polo menos en gran parte, (aquí déixolle-la porta aberta a tódolos erros cos que por suposto poida dar) es unha parte igualmente débil e cega coma nós.

Un exemplo ilustrativo no contexto de toda a túa influencia educativa foi Irma. Dunha banda ela era unha estraña, xa viñera grande para o teu negocio, tiña un trato contigo coma se fóse-lo seu xefe, estaba, pois, en parte xa nunha idade capaz de dete-lo teu influxo; doutra banda, non obstante, ela tamén che era consanguínea, veneraba en ti o irmán de seu pai e tiñas moito máis poder sobre ela có dun simple xefe. E malia iso, ela é a que, no seu corpo débil, era tan eficiente, lista, aplicada, modesta, de confianza, xenerosa, fiel, a que te quería como tío e te adoraba como xefe, a que antes e despois se mantivo noutros postos —non che foi ningunha boa servidora—. Tamén xustamente se vía forzada por nós a virar nena perante ti, e tan grande lle resultaba o poder dobregador de teu, que se desenvolveu nela (aínda que só fronte a ti e espero que sen o máis profundo sufrimento da nena) a mala memoria, a desidia, o humor negro, talvez mesmo un pouco de rebeldía, se é que era quen de tal, polo que eu non caio na conta de que estivese enferma, senón que non era moi feliz e que sobre ela pesaba unha domesticidade monótona. Esa relación no teu trato con ela tan evocadora para min resumírala ti nunha frase, case blasfema, que virara para nós clásica e xusto apropiada para describi-la túa inocencia no trato cos teus semellantes: «O de arriba deixóucheme moita porcallada atrás».

Podería describir aínda máis círculos do teu influxo e da loita contra este, mais daría co incerto e tería que construír; ademais xa de sempre canto máis te arredabas do negocio e da familia, así virabas máis amable, máis transixente, máis cortés, máis considerado, máis partícipe (quero dicir tamén aparentemente), de igual modo como tamén, por exemplo, un autócrata cando se atopa fóra dos límites do seu país non ten razón ningunha para seguir sendo un tirano e non establecer conversa xentilmente coas xentes máis humildes. De feito, por exemplo, nas fotos de grupo de *Franzesbad* saías sempre tan alto e ledo entre a xente baixa malhumorada coma un rei de viaxe. Os

rapaces abofé que poderían ter tirado o seu proveito, mais xa na infancia terían que ser quen de recoñecer tal, cousa que era imposible, e eu, por exemplo, non podería seguir vivindo, por así dicir, no círculo máis íntimo, máis forte e máis atado ó teu influxo, como de feito fixen.

Con iso non perdín só o sentido de compromiso coa familia, como dis ti, ó contrario, máis ben aínda tiven espírito para a familia, aínda que sobre todo negativo (obviamente nunca de todo) para desfacerme interiormente de ti. As relacións coas persoas alleas á familia padecían se cadra aínda máis a túa influencia. Equivócaste por completo se cres que fago todo con amor e fidelidade polos demais, e con frialdade e traizón nada por ti maila familia. Repítoo por décima vez: eu probablemente non virase máis ca unha persoa solitaria e tímida, mais de aí aínda queda un camiño ben longo e escuro até onde en realidade vin dar. (Até aquí teño calado intencionadamente máis ben pouco nesta carta, agora e máis adiante terei que calar algo que —de ti mais de min— aínda me resulta moi difícil aceptar. Eu dígoche isto para que no caso de que a imaxe completa de cando en cando che poida semellar algo borrosa non creas que a culpa sexa da falta de probas, existen ademais probas que poderían face-la imaxe tremendamente flagrante. Nela non é doado atopalo centro). Aquí, a propósito, chega con lembrarse de antes: eu perdera perante ti a confianza en min mesmo, a cal mudara por unha conciencia de culpa sen cancelas. (En lembranza a esta infinitude, escribín acertadamente de alguén: «el teme que a vergoña aínda lle sobreviva»). Non podía, de súpeto, transformarme cando me encontraba con outras persoas, senón que perante eles me amosaba cunha conciencia de culpa aínda máis profunda, pois como xa dixen, tiña que reparar o que ti lles causaras coa miña complicidade no negocio. Ademais, contra todo aquel co que eu tratase tiñas algo que obxectar, aberta ou secretamente, e tamén por iso lle tiña que pedir desculpas. A desconfianza contra a maioría das persoas que me intentaches ensinar no negocio e na familia (refírome a calquera persoa da infancia que para min fose importante e que ti, aínda que só fose unha vez, non puxeses a parir) e que a ti curiosamente non che afectou especialmente (pois ti eras forte de abondo para ilo levando, ademais talvez en realidade non fose máis ca un emblema de gobernador); esta desconfianza, a cal xamais os meus ollos confirmaron o máis mínimo, xa que eu só vía homes destacados e inalcanzables por todos lados, tornouse en desconfianza cara a min mesmo e en constante medo a todos. Alí en termos xerais era seguro que non me podía librar de ti. Que ti con iso te enganases ten que ver talvez con que de feito non soubeses nada das miñas relacións persoais e que tomases con desconfianza e celo (logo minto se

digo que ti me queres?) que eu como vía de escape da vida familiar me tivese que desquitar nalgún outro lado, xa que sería imposible que vivise igual fóra. Neste sentido, a propósito, xusto na infancia aínda tiña certo consolo precisamente na desconfianza, ó meu ver; eu dicíame: «Ti mira que esaxeras, sentes iso que a xente nova adoita facer sempre: facer unha montaña dun gran de area». Mais este consolo case que o perdín máis tarde cunha visión global do mundo máis ampla.

De igual modo, atopei pouca salvación fronte a ti no xudaísmo. Aquí sería pois de por si imaxinable a salvación, ou o que é máis, sería imaxinable que nó-los dous nos tivésemos encontrado ou que tivésemos saído de alí cada un polo seu lado. E logo que clase de xudaísmo era o que eu recibía de ti! Ó longo dos anos téñome posicionado de tres modos con respecto a iso.

De neno facíame críticas para concordar contigo, porque non ía de abondo contigo ó templo, non facía xaxún, etc. Non cría en min senón en ti, atravesábame unha inxustiza que tiña que ver con iso e coa conciencia de culpa que sempre estaba presente.

Máis tarde, de mozo, non entendía como ti coa nada do xudaísmo da que dispuñas me podías facer reproches por eu (xa por piedade por como ti te expresabas) non me esforzar por levar unha nada semellante. Era realmente, polo que eu podía ver, un nada, unha broma agora si e agora non. Ti ías catro días ó ano ó templo, alí amosábastelles polo menos máis próximo ós teus iguais cá aqueles que o tomaban en serio, realizabas pacientemente as oracións como formalidade, polo que me deixabas ás veces abraiado cando eras quen de me amosar no libro de rezo o fragmento que xusto se estaba a recitar; polo demais, cando estaba no templo podía andar por onde quixese (iso era o importante). Eu pasaba as horas alí bocexando e adurmiñando (que me aburrise tanto só creo que era máis tarde, na hora de baile) e intentaba alegrarme dentro do posible cun par de pequenas variedades, por exemplo, cando a Arca da Alianza se abría, o que sempre me lembraba ós postos de tiro ó branco onde tamén se un lle daba ó negro se abría unha porta, só que alí sempre saía algo interesante e aquí unha e outra vez as marionetas vellas sen cabeza. Por certo, alí tamén teño papado moito medo, non só como é de supoñer por tanta xente coa que un tiña contacto, senón porque ti tamén mencionabas que a min se me podía convocar á tora. Por iso durante anos abaneei co medo, se non non me chegaría a molestar moito dentro do meu aburrimiento, maiormente durante a *Barmizwa*, que só requiría dunha ridícula memorización que non conducía máis ca a unha ridícula nota de exame; e logo no que a ti atinxe, por exemplo, cando eras convocado á tora e, con pequenas e poucas incidencias ó meu ver, acababas

por superar ben ese acontecemento social, ou cando na festividade da conmemoración das almas quedabas no templo e a min se me botaba, cousa que durante moito tempo, evidentemente por ser botado e a falta de calquera participación plena, me deu a sensación de que aquilo se trataba de algo indecente. Así era no templo, na casa cando cadraba aínda peor, e limitábase á primeira noite do *Seder* que viraba sempre máis ca nada nunha comedia con gargalladas, sobre todo co influxo dos rapaces que se facían máis grandes. (Por que te tiñas que sumar a este influxo? Porque ti o provocarás). Ese foi, pois, o material de credo que se me ofreceu, e como moito a iso había que sumarlle aínda a man estendida que apuntaba cara ós fillos do «raposo millonario», os cales nas festividades importantes estaban no templo co seu pai. Non entendía cómo con este material se podería facer algo mellor ca desfacerse del o máis rápido posible; xusto este desfacerse pareceume a acto máis piadoso.

Mais máis adiante aínda o volví ver diferente e comprendín por qué tiñas que pensar que tamén te consideraba malicioso neste sentido. Ti de feito aínda trouxeras dos pequenos grupos de gueto da aldea algo de xudaísmo, non era moito e aínda se perdera un pouco na cidade e no exército; de todos modos, case que aínda chegaba coas impresións e as lembranzas da xuventude para un modo de vida xudía. Dado que sobre todo ti non precisabas moita axuda dese tipo, xa que eras dun xénero de moita fortaleza e para unha persoa coma ti de crenzas relixiosas, se estas non se mesturaban moito coas crenzas sociais, apenas te preocupabas. No fondo existía a crenza que guiaba a túa vida de creres na absoluta perfección das ideas dunha determinada clase social xudía e que, en realidade, ti mesmo crías que esas ideas formaban parte da túa esencia. Tamén aí había aínda xudaísmo abondo, mais para ser transmitido resultaba moi pouco co rapaz; este resumaba por completo mentres ti transmitías. En parte había expresións de tempos mozos que non se podían transmitir, en parte a túa natureza temible. Tamén resultaba imposible facerlle comprender a un rapaz extremadamente observador debido á pura timidez de seu, que o par de cousas mesquiñas que ti realizabas en nome do xudaísmo cunha indiferenza acorde a esa mesquindade puidesen ter un sentido máis elevado. Para ti tiñan o sentido de pequenas lembranzas de tempos pasados e por iso mas querías transmitir, mais só o podías facer por medio da persuasión ou da ameaza, xa que para ti xa non tiñan de por si valor ningún; iso por un lado non podía ter éxito e tiña que por outro lado, dado que ti neste punto en absoluto recoñecía-la túa posición débil, enfurecete moito comigo pola miña aparente obstinación.

Todo isto, pois, non é ningún fenómeno illado, dábase de xeito semellante nunha gran parte desta xeración de transición xudía aínda relativamente devota, a cal migrara do campo cara ás cidades; iso dábase de por si, só que xustamente á nosa relación, a cal xa non estaba falta de dificultades, aínda lle engadía outra verdadeiramente dolorosa. Fronte a isto debes de feito neste punto, e ó igual ca min, crer na túa inocencia, aínda que explicar esta inocencia a partir da túa natureza e das condicións da época, e por suposto que non a partir das condicións externas, por así dicir, non. Ti terías moito máis traballo e tantas outras preocupacións como para te poderes parar aínda con cousas deste tipo. Deste xeito, dende a túa inocencia incuestionable, adoitabas dirixirlles ós demais unha crítica inxusta. Algo que en calquera momento, ó igual ca aquí, é algo doado de refutar. Non se tería tratado, pois, de calquera lección que lle tiveses que dar ós teus fillos, senón que dunha vida exemplar; de se-lo teu xudaísmo máis pronunciado sería o teu exemplo máis persuasivo, iso é algo evidente, e, unha vez máis, ningunha crítica, senón que unha defensa fronte ós teus reproches. Recentemente líche-las memorias de xuventude de Franklin. En realidade deichas adrede para leres, mais non por unha pequena pasaxe de vexetarianismo que ti ironicamente percibiches, senón que pola relación entre o autor e mailo seu pai, tal e como alí se describe, e da relación entre o autor e mailo seu fillo, como de por si se expresa nestas memorias escritas para o fillo. Non quero entrar aquí en detalles.

Certa confirmación tardía desta interpretación do teu xudaísmo acadeina tamén por medio do teu comportamento nos últimos anos, cando che parecía que me ocupaba máis de cuestións xudías. Dado que ti de principio tiñas unha aversión contra calquera das miñas ocupacións e, sobre todo, contra o modo en que eu manifestaba interese, de igual modo a tiñas aquí. Aínda que xa sería de esperar que ti neste punto fixeses unha pequena excepción. Non era máis ca xudaísmo do teu xudaísmo o que aquí se manifestaba e con iso, xa que logo, tamén a posibilidade de establecer unha nova relación entre nós. Non nego que as cousas me parecerían ben sospeitosas no caso de teres amosado interese. Non se me ocorre querer manter que neste sentido sexa algo mellor ca ti. Mais ó momento de probalo non se chegou. Ó meu ver, o xudaísmo resultábache abominable, as obras xudías ilexibles: estas «dábanche noxo». Isto podía significar que insistías en que precisamente só o xudaísmo era o único correcto e que máis aló diso non había nada, tal e como mo amosaras na nenez. Mais que ti tiveses que insistir niso era cando menos inimaxinable. Pois o tal «noxo» podía (aparte de que este non ía dirixido contra o xudaísmo, senón contra a miña persoa) non significar máis ca

que ti inconscientemente recoñecía-la debilidade do teu xudaísmo e mais da miña educación xudía, que baixo ningún concepto querías que isto se che lembrase e que respondías a tódalas memorias cun odio manifesto. Ademais, a túa valoración negativa do meu novo xudaísmo era moi esaxerada; en primeiro lugar portaba a túa maldición e, en segundo lugar, era decisiva para o seu desenvolvemento a relación interpersoal básica e, no meu caso, xa que logo, mortal.

Con máis vehemencia atacabas coa túa aversión o meu xeito de escribir e aquilo que estaba relacionado que che era descoñecido. Aquí xa de feito me distanciara por min mesmo un chisco de ti, o cal recorda un pouco a un verme que despois de que a súa parte traseira sexa esmagada por un pé, se libera coa parte dianteira e segue arrastrándose cara ó lado. En certa medida, de seguro que era eu: houbo que coller folgos; a aversión que ti, faltaría máis, lle tiñas igualmente ó meu modo de escribir resultábame, a modo de excepción, benvida. A miña vaidade, a miña ambición padecían, de feito, o teu recibimento, xa para nós coñecido, dos meus libros: «déixao na mesiña de noite!» (a maior parte das veces xogabas ás cartas cando saía un libro), mais no fondo para min estaba ben así, non só por malicia rebelde, non só por alegría por unha nova constatación da miña interpretación respecto á nosa relación, senón porque aquela fórmula orixinalmente me soara a algo así como: «agora es libre!». Por suposto que fora unha decepción, pois, no mellor dos casos aínda non era libre. Os meus escritos trataban de ti, aí tan só me queixaba do que non me podía queixar fronte a ti. Era unha despedida de ti intencionadamente prolongada no tempo, só que esta fora máis ben forzada pola túa parte, mais que discorría na dirección demarcada por min. Pero que pouca cousa era todo iso! Paga a pena mencionalo só porque se deu na miña vida, en calquera outro lado non sería perceptible; e despois tamén porque me gobernou a vida, durante a infancia como presentimento, máis tarde como esperanza e aínda máis adiante como desesperación —se se quere, novamente adoptando a túa figura— e me ditou o meu par de pequenas decisións.

Por exemplo, na escolla da profesión. Por suposto, ti dábame aquí plena liberdade dada a túa xenerosidade e, neste sentido, incluso dada a túa natureza paciente. Sobre todo neste punto seguía-lo proceder aceptado comunmente pola clase media xudía ou, cando menos, os xuízos de valor desta á hora de coidar dos fillos. Finalmente, tamén aquí xogaba un papel un dos teus malentendidos con respecto á miña persoa. De feito, sempre me tes tido por moi aplicado, por orgullo de pai, por descoñecemento da miña verdadeira natureza, en conclusión, a dicir pola miña fragilidade. De neno,

segundo o teu parecer, non teño parado de estudar e máis adiante de escribir. Iso non pode estar máis lonxe da realidade. Antes se pode dicir con moita menos esaxeración que estudei pouco e non aprendín nada; que ó longo de tantos anos, cunha memoria mediana e cunha capacidade de comprensión non das peores, algo quedase non é de moito estrañar, mais de todos modos o resultado global do saber, e sobre todo a aplicabilidade do saber, maniféstase penoso en comparación co gasto de tempo e diñeiro e cunha vida en aparencia sen preocupacións e tranquila, sobre todo tamén en comparación con tódalas persoas que coñezo. É penoso, aínda que comprensible para min. Tiña, dende que teño uso de razón, semellante preocupación profunda polo sentido espiritual da existencia, que todo o demais me resultaba indiferente. Os estudantes de secundaria xudeus aquí son algo raros, un atopa do máis increíble menos a miña indiferenza fría, apenas disimulada, indestrutible, desvalida coma a dun neno até roza-lo ridículo e terriblemente autosatisfactoria de algo suficiente para un; aínda que o neno frío e fantástico xa non o volvín ver máis por lado ningún, ademais, esa era a única protección contra a desorde nerviosa polo medo e a conciencia de culpa. Ocupábame só a miña preocupación e das formas máis diversas. Por exemplo, como a preocupación pola miña saúde: comezou de xeito simple, de cando en cando dábase por mor da dixestión, da caída do pelo, dunha curvatura espiñal e demais; iso implicaba unha innumerable cantidade de fases e, finalmente, acababa nunha enfermidade de verdade. Mais dado que eu non estaba seguro de nada e a cada momento precisaba dunha nova confirmación da miña existencia: nada me pertencía de verdade, sen lugar a dúbida, só única e claramente definido por min; en realidade: un fillo desherdado; evidentemente, o seguinte foi que o propio corpo virou inseguro. Eu medraba até ás nubes, mais non as tiña todas comigo: a carga era moi pesada, as costas curvábanse; apenas me atrevía a me mover e nin sequera a facer ximnasia, permanecía débil; arregalaba os ollos con todo aquilo do que aínda dispuña coma se se tratar dunha marabilla, até coa miña boa dixestión; iso chegaba para a estragar e con isto o camiño para todo tipo de hipocondría estaba libre, até despois co esforzo sobrenatural por querer casar (sobre isto vou volver falar) saía o sangue dos pulmóns, polo que a vivenda en Schönbornpalais —que só a precisaba porque cría precisala para escribir, de modo que isto tamén toca nesta páxina— pode ter suficiente interese. E ben, todo isto non viña por traballo de máis, tal e como ti sempre mo puñas. Había anos nos que, aínda con boa saúde, tiña lacazaneado máis tempo no sofá ca ti en toda a túa vida, incluídas tódalas enfermidades. Cando fuxía de ti atarefado até ás orellas, a maior parte das veces era para botarme no meu cuarto. O

meu rendemento xeral, tanto no despacho (onde, non obstante, a preguiza non asomaba moito e que ademais se limitaba pola miña timidez) como tamén na casa, é mínimo; se tiveres unha idea disto habería arrepiarte. Probablemente non sexa preguiceiro por natureza en absoluto, pero é que para min non había nada que facer. Alí onde vivía rexeitábaseme, condenábaseme, dominábaseme, e fuxir para calquera outro lado rebentábame máis da conta; mais iso non era traballo ningún, pois tratábase do imposible, algo que era totalmente inalcanzable dadas as miñas forzas.

Neste estado déuseme plena liberdade na escolla da profesión. Era eu de verdade quen de usar tal liberdade? Críame quen de conseguir realizar unha profesión de verdade? A miña autoestima dependía máis de ti ca de calquera outra cousa, ca por acaso dun logro alleo. Este era a fortaleza por un momento, nada máis, mais doutra banda o teu peso tiraba cada vez máis forte cara a abaixo. Pensaba que nunca ía supera-lo primeiro curso da escola elemental, mais conseguino, conseguín mesmo un premio; mais de seguro que non superaba a proba de acceso á secundaria, mais conseguino; mais agora seguro que suspendo o primeiro curso na secundaria, non, non suspendín e fun aprobando unha e outra vez. Mais a partir de aí non se xerou confianza ningunha, ó contrario, sempre estaba convencido —e a proba diso está a xulgar polas túas expresións frías— de que canto mellor me fose peor tería que acabar por saír. A miúdo visualizaba mentalmente a terrible reunión de profesores (a secundaria é tan só o exemplo máis uniforme, mais ó meu redor era, non obstante, semellante), como cando aprobara 4º e 5º, e logo 6º e 7º cando aprobara estes, e logo 8º e 9º e todo o que se segue, para examinareen este caso único e estrafalario: cómo era que a min, o máis incompetente e, en calquera caso, o máis ignorante, me ía ben como para pasar de curso; estes, dado que agora toda a atención recaía sobre min, por suposto que me querían chimpár fóra de contado para xúbilo de todo este pesadelo de imparciais liberados. Para un rapaz non é doado vivir con semellantes ideas. Qué me ía preocupar a min a clase nestas circunstancias. Quen era quen de sacar de min un ápice de participación? A min interesábame a clase —e non só a clase, senón que, nesta idade decisiva, todo o da volta— por así dicir, coma un defraudador de banca que aínda está no seu posto e abanea con que o descubran, ó que lle interesa o funcionamento da pequena banca e que aínda ten cousas por facer como funcionario. Tan pequeno era, tan lonxe estaba todo da cuestión principal. Continuou logo até a proba de acceso ó ensino superior, que en realidade superei en parte só por medio da trampa, e despois interrompeuse; agora era libre. Malia a obriga da secundaria, xa me tiña preocupado só por min mesmo, ó igual

ca agora que era libre. Ben, unha liberdade de verdade á hora de escolle-la profesión tampouco a tiven, sabía: todo en principio me vai resultar xustamente tan indiferente coma tódalas materias de estudo na secundaria, trátase polo tanto de atopar unha profesión que me permita esta indiferenza con máis facilidade sen dana-la miña vaidade demasiado. Polo que Dereito foi o natural. Pequenos intentos contrarios á vaidade, á esperanza absurda, coma o estudo de química de 14 días, o estudo de medio ano de alemán, reforzaban só aquel convencemento de base. Polo que estudei Dereito. Isto significaba que no par de meses previos ós exames, dominado polos nervios, me alimentaba mentalmente de fariña de madeira, que ademais xa me era premastigada por miles de bocas. Mais, en certo modo, sabíame xusto como antes a secundaria e máis tarde a profesión de funcionario, xa que todo iso casaba plenamente coa miña situación. Fose como for, amosei neste punto unha sorprendente previsión; xa de neno pequeno tiña con respecto ós estudos e ás profesións unha idea o suficientemente clara. A partir de aquí non esperaba salvación ningunha, aquí xa tiña sacrificado de abondo.

Non obstante, non amosaba ningunha previsión en absoluto con respecto ó significado e á posibilidade do matrimonio para min; este, até o momento o maior medo da miña vida, case que veu de fronte de xeito totalmente inesperado. O rapaz tíñase desenvolvido tan paseniñamente que estas cousas caíanlle aparentemente ben lonxe; de cando en cando dábase a necesidade de pensar niso; se aquí se preparaba un exame longo, decisivo e mesmo do máis amargo, non se sabía. En realidade, abofé que os intentos de matrimonio foron o intento de liberación máis fantástico e esperanzador; igualmente fantástico foi despois tamén, sobre todo, o fracaso.

Temo, dado que a min neste ámbito me sae todo mal, que tampouco conseguirei facerche entender esta intención de casar. E precisamente depende diso o éxito de toda esta carta, pois neste intento estaba, dun lado, todo recollido, tódalas forzas positivas que tiña no meu poder e, por outro lado, recollíanse aquí tamén igualmente con rabia tódalas negativas que eu como resultado da túa educación describín, polo tanto, as debilidades, a falta de confianza nun mesmo, a conciencia de culpa, e estendía formalmente unha corda entre o matrimonio e mais eu. A explicación resultoume por iso difícil, porque eu aquí teño recapitado e desenterrado todo ó longo de tantos días e noites unha e outra vez, que incluso a min agora se me nubra a vista. A explicación, ó meu ver, resultárame máis doada só a través da túa completa mala interpretación da cuestión; mellorar un pouco tal mala interpretación semella non ser excesivamente difícil.

En primeiro lugar, colocas o fracaso do matrimonio na ringleira dos meus tantos outros fracasos; eu de por si non tería nada en contra diso, asumindo que acépte-la miña explicación de fracaso exposta até o de agora. De feito encóntrase nesta ringleira, só que ti menospréza-lo significado da cuestión e menosprézalo de tal modo que, se falarmos entre nós do tema, falamos en realidade de algo totalmente distinto. Atrévome a dicir que a ti non che ten pasado nada na vida que tivese un significado semellante coma para min a tentativa de casar. Con isto non quero dicir que non experimentaras algo importante, ó contrario, a túa vida foi moito máis rica, máis chea de preocupacións e máis escrava cá miña, mais precisamente por iso non che pasou algo así. É tal que así como cando un ten que subir unhas escaleiras de cinco chanzos de pouca altura e outro só un chanzo, que a el, polo menos, lle resulta tan alto como ó outro os cinco xuntos; o primeiro non superará os cinco, senón que aínda outros cen ou mil máis, levará unha vida longa e sacrificada, mais ningún dos chanzos que teña subido terán para el un significado parecido como para o segundo aquel primeiro chanzo, elevado para as súas forzas e imposible de subir, e que non é quen nin de subir nin de, por suposto, tampouco baixar.

Casar, formar unha familia, acoller tódolos fillos que veñan, coidalos neste mundo inseguro e saír aínda un chisco para adiante é, segundo o meu convencemento, o máis grande que unha persoa pode conseguir. Que aparentemente a tantos lles resulte non é ningunha proba do contrario, pois en primeiro lugar, non lles sae ben a tantos e, en segundo lugar, estes tantos non o «preparan» a maioría das veces, senón que lles «pasa»; isto non é o máis extraordinario, mais aínda así moi grande e honorable (sobre todo dado que «preparar» e «pasar» non se deixan separar plenamente o un do outro). E finalmente, non se trata tampouco en absoluto do máis grande, senón que só dunha aproximación algo abstracta pero axeitada; non é necesario voar cara ó centro do sol, mais si dar na terra cun sitiño limpo onde de cando en cando brille o sol e un se poida quentar un chisco.

Como ía eu estar preparado para isto? Mal, como mínimo. Iso xa se veu vendo até aquí. Na medida en que para iso hai unha preparación directa a detalle e unha creación directa das condicións xerais básicas, non tes intervido moito, aparentemente. Doutra maneira tampouco pode ser, aquí deciden os costumes xerais de liñaxe de posición social, pobo e época. Despois de todo, tamén aí interviñeches, non moito, pois a premisa para tal intervención só pode ser confianza mutua plena e diso xa nos faltaba ós dous dende había moito e no momento decisivo, e non de xeito moi afortunado,

porque as nosas necesidades eran totalmente diferentes; o que a min me afecta a ti tampouco te inmuta e, ó contrario, o que para ti é inocencia para min pode ser culpa e, ó contrario, o que para ti fica sen consecuencias pode ser para min a miña tumba.

Acórdome que ía pola tarde contigo e mais con miña nai pasear pola *Josephplatz*, preto do que hoxe é o *Länderbank*, e comezaba a falar contigo presumindo coma un parvo, superior, orgulloso, distante (iso non era certo), frío (era así) e tateando, como de feito case sempre falaba contigo das cousas interesantes das que había que falar; facíavos críticas de que se me deixara sen educación, ó que incluso os compañeiros da escola se tiveran que adaptar; de que tiña corrido moitos perigos (aquí mentía sen dó á miña maneira para amosarme valente, xa que por causa da miña timidez non tiña unha idea clara dos «grandes perigos»), mais ó final sinalaba que agora, afortunadamente, xa sabía todo, que non precisaba ningún consello máis e que estaba todo ben. En principio, xa comezaba falando en calquera caso diso, porque polo menos tiña ganas de falar diso, tamén por curiosidade e, despois de todo, tamén por desquitarme dalgún xeito por calquera cousa convosco. Ti tomábalo de acordo coa túa natureza de xeito moi simple, só dicías algo como que me poderías dar un consello sobre cómo se poderían abordar estas cousas. Talvez quixese atraer eu xusto unha resposta así, que se correspondese coa ousadía sobrealimentada con carne e con tódalas cousas boas fisicamente inactivas, un rapaz eternamente centrado en si; mais a miña vergonza aparente víase tan danada, ou cría que tiña que estar tan danada, que contra a miña vontade non quería falar sobre iso máis contigo e interrompía a conversa de xeito arrogante e descortés.

Non é doado xulga-la túa resposta daquela. Dunha banda tiña algo franco que desalentaba, en certo modo primixenio, e por outro lado, era máis ca nada, no que á ensinanza atinxe, moi desconsiderada. Non sei daquela cantos anos tería, mais moitos máis ca 16 seguro que non. Para un rapaz así resultaba, pois, unha resposta moi estraña e a distancia entre nós dous manifestábase tamén aí, que en verdade esa foi a primeira lección directa sobre a vida que ti me deches. Mais o verdadeiro sentido desta, que xa daquela se me metía na cabeza e que só máis tarde virou medio conciencia, era o seguinte: Iso sobre o que me aconsellabas, segundo a túa opinión e daquela en absoluto a miña, era o máis sucio que había. Que ti te quixeses ocupar de que non trouxese fisicamente á casa porcallada ningunha era secundario, xa que ti só te protexías diso, a túa casa. O importante era máis ben que ti, máis alá do teu consello, por riba destas cuestións, seguises sendo un marido, un home de pés á cabeza; iso agudizouse aínda

daquela para min porque se me presentou o matrimonio sen máis e de aí que me resultase imposible aplicarlles ós meus pais o que en xeral escoitara sobre o matrimonio. De aí que virases máis puro, que te elevases máis. A idea de que a ti mesmo tamén te puideses dar un consello semellante previo ó matrimonio resultábame inimaxinable. De modo que case non quedaba en ti nin migalla de mancha terreal. E precisamente me empurrabas a esta inmundicia cun par de palabras honestas como se estivese predestinado. O mundo compuñámolo só ti e mais eu, unha idea que me suxestionaba a miúdo, e logo, pois, contigo acababa a pureza do mundo e comigo comezaba, segundo ti, a inmundicia. De por si era totalmente incomprendible que me xulgases así, só a culpa de sempre e o desprezo máis profundo da túa parte mo podían explicar. E así era que volvía estar dominado polo meu mundo interior, e abofé que moito.

Talvez aquí se manifeste a nosa inocencia de xeito máis claro. A dálle a B un consello honesto, que se corresponde coa súa idea da vida, non moi bonito, mais quizais hoxe en día totalmente normal na cidade, prexudicial para a saúde e quizais impeditivo. Este consello é para B non moi fortalecedor moralmente, mais por qué non habería el de ser quen de saír do sufrimento co paso dos anos, a propósito, el non ten que segui-lo consello en absoluto e, en calquera caso, no consello non se inclúe ningún motivo para que no futuro o seu mundo se veña abaixo. E de feito acontece algo deste tipo, mais xustamente porque A es ti e B son eu.

Esta inocencia das dúas partes tamén por iso a podo analizar especialmente ben, porque entre nós dous se ten dado de novo un choque parecido uns 20 anos máis tarde e baixo outras condicións totalmente distintas; como feito, horrible; de por si, moito menos daniño, pois aínda que xa tiña uns 36 anos había aínda algo en min ó que se lle podía facer mal. Refírome con isto á pequena conversa nun daquel par de días axitados tralo anuncio da miña última tentativa por casar. Dixérasme algo así: «Probablemente ela tivese posta unha blusa elegante, como saben facer as xudías de Praga, e claro, por iso te decidiches a casar con ela. E, para sermos exactos, tan rápido como sexa posible, dentro dunha semana, mañá, hoxe. Eu non te entendo, es un home adulto, estás na cidade, e non se che ocorre outra idea cá de casar de contado cunha que che gusta. Non hai outras posibilidades? Se tes medo diso, irei eu mesmo contigo até alí.». Falaches máis detalladamente e con máis claridade, mais xa non me lembro dos detalles, talvez se me anubrase algo a vista; case que me interesaba máis pola nai, cómo

ela, de feito sempre totalmente de acordo contigo, despois de todo collía algo da mesa e marchaba con el da sala.

Apenas me tes humillado nunca tan profundamente con palabras e amosado tan diafanamente o teu desprezo. Cando ti 20 anos atrás me falaras de xeito parecido, un mesmo podería ver nos teus ollos algo de respecto polos mozos da cidade maduros antes de tempo, que ó teu ver xa se podían iniciar na vida sen rodeos. Hoxe esta consideración non podería facer máis ca incrementa-lo desprezo, xa que o mozo que daquela fixo un intento quedoulle metido dentro e pareceche a día de hoxe inexperto e con 20 patéticos anos. A miña decisión con respecto a unha moza non significaba nada para ti. Sempre tiveras reducida a miña capacidade decisoria (inconscientemente) e agora crías saber (inconscientemente) o valor que tiña. Dos meus intentos de liberación noutras direccións non sabías nada, de aí que tampouco puideses saber nada das liñas de pensamento que me conduciran a esta idea de casar, tiñas que buscar adiviñalas e adiviñabas consonte a opinión xeral que tiñas de min, do máis abominable, torpe e ridícula. E non dubidabas nin un momento en dicirno dese mesmo modo. A deshonra que me facías non che importaba en comparación coa que pensabas que eu lle faría ó teu apelido ó casar.

Agora, con respecto á miña intención casamenteira, pódeme responder a algo, cousa que tamén fixeches: Non podías ter moito respecto ante a miña decisión cando rompín dúas veces o compromiso con F. e novamente o retomei dúas veces, cando a ti e mais á nai vos levei ó compromiso a Berlín e demais. Todo isto é certo, mais como pasou?

A idea de fondo en ámbolos dous intentos era totalmente correcta: fundar un fogar, independizarme. Unha idea que xa a ti che resulta agradable, só que logo na realidade fallaba como o xogo de nenos onde un sostén a man do outro e ó tempo que aperta di: «Ai, vai ho, vai ho, por que non vas?». Cousa pola que sobre todo no noso caso se ten complicado, dado que ti o «vai ho!» xa de sempre o dixeches en serio, xa que igualmente xa de sempre, sen sabelo, só pola túa natureza me tes retido ou oprimido.

As dúas mozas foran, para ser exacto, escollidas casualmente, mais extraordinariamente ben. Outra vez un sinal da túa completa mala interpretación como para que poidas crer que eu, o miñaxoia, o indeciso, o desconfiado, me decido cun arrebatado polo matrimonio, por así dicir, polo pracer dunha blusa. Os dous matrimonios haberían ser máis ben de conveniencia, en tanto que con iso se queira dicir que día e

noite, a primeira vez anos, a segunda vez meses, usei toda a miña capacidade para desenvolve-lo plan.

Ningunha das rapazas me decepcionou, só eu a elas dúas. O meu xuízo respecto a elas hoxe é exactamente o mesmo ca daquela cando quería casar con elas.

E tampouco se trata de que eu no segundo intento de matrimonio non tivese en conta as experiencias do primeiro intento, pois sería insensato. Os casos eran precisamente ben distintos, xusto as primeiras experiencias puideron darme esperanza no segundo caso, que non era nada prometedor. Non quero entrar aquí en detalles.

E logo por que non casei? Houbo pequenos impedimentos coma en todo, mais a vida componse de superar tales impedimentos. O esencial era, por desgraza, o impedimento insalvable de que eu, ás claras, mentalmente non estou predisposto ó matrimonio. Isto maniféstase en que dende o momento en que decido casar xa non son quen de durmir, quento na cabeza día e noite, xa non hai máis vida, ando dun lado noutro inmerso nun feixe de dúbidas. En realidade non hai preocupacións que causen isto, máis ben acompañanme numerosas preocupacións que tamén se deben á miña impasibilidade e pedantería, mais non son o crucial; estas complétanlle xustamente o traballo ós vermes sobre o cadáver, aínda que realmente afectado véxome por outro motivo. Toda a presión se debe ó medo, ás debilidades, á indiferenza.

Quero intentar explicalo máis polo miúdo: aquí no intento de matrimonio dáse con respecto a ti unha relación de oposición dobre aparentemente tan forte como nunca antes se dera. O matrimonio é seguro a garantía máis clara para a autoliberación e maila independencia. Gustaríame ter unha familia, o máis grande que na miña opinión se pode acadar, ben, tamén o máis grande que ti acadaches; sería o teu igual, e toda a pena eterna de antes e de agora sería historia. Iso sería, sobre todo, de conto, mais xa aí xace precisamente o cuestionable. É demasiado, tanto non se pode alcanzar. É como se a un o prenden e non tivese só a intención de fuxir, o que talvez sería alcanzable, senón que ademais, e ó mesmo tempo, tivese a intención de facer do cárcere unha residencia de verán. Se foxe non pode reconstruílo e se o reconstrúe non pode fuxir. Se eu na relación infeliz particular que teño contigo me quero independizar, teño que facer como sexa algo que non garde nin a mínima relación contigo. O casamento é, por así dicir, o máis grande e ofrece a autonomía máis nobre, mais ó mesmo tempo tamén está en estreita relación contigo. Querer saír de aquí ten por iso algo de loucura e todo intento resulta castigado con iso.

Xusto esta estreita relación me incita en parte a casar. Penso nesa equiparación que despois xurdiría entre nós e que ti poderías comprender coma ninguén, e por iso tan fermosa, porque eu podería ser logo un fillo libre, agradecido, inocente e feito e dereito, e ti un pai que non oprimise, que non fose tirano, comprensivo e máis alegre. Mais para o caso habería que xusto facer que non sucedese o sucedido, o cal significa que nós mesmos nos teríamos que borrar.

Tal como somos, pois, o casar estame totalmente fóra do alcance, xa que xusto é a túa parcela máis íntima. Ás veces imaxínome o mapamundi estendido e a ti atravesándoo dun lado ó outro. E pásame logo como se na miña vida só fosen visibles as zonas que ti non cobres ou que che quedan fóra do alcance. E estas, de acordo coa imaxe que teño das túas dimensións, non son moitas e tampouco zonas moi consoladoras e, a propósito, o matrimonio non se encontra entre elas.

Esta comparación de ningún modo proba que queira dicir que o teu exemplo do matrimonio me escorrentase coma do negocio, por así dicir. Ó contrario, malia toda a vasta semellanza. Eu tiña o voso matrimonio por exemplar en moitos aspectos, exemplar en fidelidade, axuda mutua, número de fillos; e mesmo despois cando os nenos se facían grandes e cada vez daban máis guerra, permaneceu o matrimonio como tal, intacto. Xusto a partir deste exemplo se formou tamén talvez o meu concepto elevado do matrimonio; que o de ir tralo matrimonio era inconsciente, tiña precisamente outros motivos. Atopábanse na túa relación cos fillos, que é do que trata toda a carta.

Existe unha crenza segundo a que o medo ó matrimonio ás veces vén de aí, que se teme que os fillos lle han facer pagar a un máis adiante todo aquilo polo que ofendeu ós propios pais. Iso no meu caso non ten gran significado, xa que a miña conciencia de culpa, de feito, procede de ti e tamén se ve moi dominada pola súa singularidade. Si, este sentimento da singularidade pertence á súa natureza atormentadora; unha repetición é algo impensable. Non obstante, teño que dicir que a min un fillo así, máis calado, máis apagado, máis seco, máis decadente, me sería insoportable. Ben que habería fuxir del se non houber ningunha outra posibilidade, emigrar, como ti querías facer por mor do meu matrimonio. Ben, pode ser que tamén me vise influenciado por isto na miña incompetencia casamenteira.

Moito máis importante é ademais o medo ó que me rodea. Cómpre entendelo así, pois xa sinaléi que ó escribir e con todo o relacionado fixen moitos intentos do máis inútil para independizarme, para fuxir. Estes apenas han continuar, é moito o que me corrobora isto. Malia iso, é o meu deber, ou máis ben que a miña vida se compón diso,

que me manteñan esperto, que non haxa perigo que non sexa quen de contrarrestar, si, sen posibilidade ningunha de deixar que un perigo así se achegue a estes. O matrimonio é a posibilidade dun perigo así, non obstante tamén a posibilidade do maior apoio, mais chégame con que é a posibilidade dun perigo. E logo que ía facer eu se de verdade se tratase dun perigo! Como ía poder seguir vivindo en matrimonio co sentimento quizais indemostrable, mais en calquera caso irrefutable deste medo! Fronte a isto, de feito, podo dubidar, mais a conclusión definitiva é segura, teño que absterme. A metáfora de máis vale paxaro en man ca cento voando está ben lonxe de cadrar aquí. Na man non che teño nada e levantando a mirada hai de todo —polo que deciden as condicións de loita e de necesidade vital— e teño que elixi-la nada. De xeito similar tiven que tamén elixi-la profesión.

Mais o impedimento matrimonial máis importante é aquel convencemento que xa non é erradicable, que para manter unha familia e para sacala adiante se necesita todo iso que eu recoñecía en ti, e precisamente todo en conxunto, o bo mailo malo, tal e como organicamente vai vinculado en ti, isto é, poder e burla do outro, saúde e unha certa desmesura, don de oratoria e inadecuación, autoestima e descontento cos demais, superioridade ante os demais e tiranía, habilidades de psicoloxía e desconfianza ante a maioría, e logo tamén calidades sen iren en detrimento como a dilixencia, a perseveranza, a capacidade mental, a afouteza. En comparación eu non tiña case nada diso ou só moi pouco e, con todo, quería atreverme a casar, cando de feito vía que mesmo ti tiñas que loitar moito no matrimonio e que incluso os nenos te vencían? Esta pregunta por suposto que non ma formulo expresamente nin tampouco a respondo expresamente, se non teríase dominado o razoamento habitual da cuestión e teríanseme presentado homes distintos a ti (por citar a alguén moi distinto próximo a ti: o tío Richard) que si que casaron e polo menos non sucumbiron, que xa é moito, e a min chegaríame de sobra. Mais esta pregunta precisamente non a formulaba, senón que xa dende a nenez a vivía. Eu non me puña só a proba ante o matrimonio senón que ante calquera pequenez; fronte a calquera pequenez convencíame co teu exemplo e coa túa educación, tal e como intentei explicalo, da miña incompetencia, e cando coincidía con toda pequenez e che daba a razón, tiña que coincidir enormemente, de xeito evidente, con respecto ó máis grande, isto é, con respecto ó matrimonio. Até os intentos matrimoniais medrei, por así dicir, como o negociante que vivía a xornada con preocupacións e malos presentimentos, mais sen ter que levar exactamente as contas. Este ten un par de pequenas ganancias, que como resultado da súa rareza

constantemente mima e esaxera, e a pesar diso non hai máis ca perdas diarias. Todo queda rexistrado mais nunca se fai balance. Agora vén a urxencia do balance, que quere dicir o intento matrimonial. E é coas grandes sumas coas que aquí hai que contar, coma se tampouco nunca se fíxese nin a máis mínima ganancia, como moito unha gran débeda. E agora caso sen virar maluco!

Así remata aquí a miña vida contigo, e ideas como estas quedan para a vida.

Ti serías quen de responder de lle botares un ollo á miña argumentación do medo que che teño: «Ti mantés que me libero cando explico a miña relación contigo só pola túa culpa, mais creo que a ti a pesar do teu esforzo aparente, polo menos, non che resulta máis difícil, aínda que si máis rendible. En primeiro lugar, tamén rexeitas calquera culpa e responsabilidade pola túa parte, polo que o noso modo de actuar é o mesmo. Mais mentres que eu tan abertamente, tal e como tamén o penso, che adscribo toda a culpa a ti, queres ser ó mesmo tempo «super sensato» e «super querendeiro» e tamén exonerarme de toda culpa. Por suposto que isto último che resultou só aparentemente (máis ca iso tampouco é que queiras), e resulta que entre liñas, malia tódalas palabras baleiras de substancia e carácter e de antagonismo e impotencia, que en realidade eu teño sido o atacante mentres que todo o que ti fixeches só foi autodefensa. Agora xa terías acadado abondo coa túa insinceridade, pois demostraches tres cousas: primeiro que es inocente, segundo que eu son culpable e, terceiro, que ti, con gran magnificencia, estás disposto non só a me perdoares, senón que, mais ou menos, a probar e mesmo querer crer que eu, non obstante contrario á realidade, tamén son inocente. Iso agora xa che podería chegar, mais aínda non che chega. De feito metéuseche na cabeza querer vivir á miña conta. Admito que nós loitamos un contra o outro, mais hai unha loita dual. A loita de cabaleiros, onde se miden as forzas do opoñente, cadaquén se reserva para si, perde para si, gaña para si. E a loita do indesexable, o cal non só atravesa, senón que tamén zuga no sangue para manterse con vida. Ese é o verdadeiro soldado profesional e ese es ti. Incapaz de ir levando a vida es ti; mais para te poderes acomodar nela a gusto sen preocupacións e sen autocríticas, xustificas que eu collín de ti tódalas túas ineptitudes da vida e que as gardei no peto. A ti agora qué che ha preocupar seres inepto; eu teño a responsabilidade. Ti, non obstante, estrícaste tranquilamente e deixas que, física e espiritualmente, me arrastre pola vida. Un exemplo: Cando da última vez querías casar, querías ó mesmo tempo, iso admítelo nesta carta, non casar, mais para non teres que te esforzar querías que non te axudase a non casar, porque por mor da «deshonra» que lle faría ó meu apelido prohibírchete este

matrimonio. Iso non se me ocorreu en absoluto. En primeiro lugar, nunca quixen nin agora nin daquela «ser un obstáculo na túa felicidade», e en segundo lugar, xamais quero oír un reproche semellante dun fillo meu. A forza de vontade, non obstante, coa que che deixei decidi-lo matrimonio valeume de algo? Nin o máis mínimo. A miña aversión contra o matrimonio non a evitaría, ó contrario, sería aínda outro estímulo para ti casares coa moza, xa que o «intento de fuxir», tal e como ti te expresas, se satisfaría deste xeito por completo. E o meu permiso para casares non evitou os teus reproches, pois ti probas que eu teño de todos modos culpa de non casares. No fondo, non me tes amosado, nin aquí nin en xeral, nada máis polo que tódolos meus reproches fosen merecidos e que entre estes faltase aínda outro especialmente merecido, concretamente o da insinceridade, o da adulación, o do aproveitamento. Se non me engano moito, con esta carta como tal aprovéitaste un pouco.»

Ó que eu respondo, en primeiro lugar, que toda esta obxección que en parte tamén se volve na túa contra, non parte de ti, senón que precisamente de min. Tan grande non é a túa desconfianza dos demais coma a miña de min mesmo coa que me educaches. Unha certa lexitimación da obxección, que tamén de por si aínda contribúe a caracterizar de novo a nosa relación, non o nego. Claro que as cousas na realidade non poden coincidir así como as probas na miña carta; a vida é máis ca un xogo de paciencia. Mais coa corrección que se amosa a partir desta obxección, unha corrección que non podo nin tampouco quero levar ó detalle, na miña opinión conseguiu se-lo máis achegado posible á realidade, de modo que a nó-los dous nos poida calmar un pouco e facernos máis levadía a vida maila morte.

Franz